

3. PLANS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Os plans complementarios proporcionan aos especialistas en formación **coñecementos non incluídos nos programas específicos de cada especialidade**, pero que son igualmente necesarios para desenvolver unha óptima práctica profesional. Ademais, achegan aos residentes formación en temas básicos que lles axudan a iniciar o seu período de residencia con seguridade.

Os **centros e unidades acreditadas para a formación sanitaria especializada do Sergas** desenvolven anualmente dous programas de formación complementaria:

- **Programa común complementario.** Está dirixido a todos os residentes, principalmente aos que se incorporan á formación. Ademais de abordar temas médicos como a resucitación cardiopulmonar, a electrocardiografía básica e protocolos básicos de urxencias, contempla a formación en materias transversais como a bioética, a xestión clínica elemental, a medicina baseada na evidencia e a metodoloxía da investigación.
- **Programa específico complementario.** Trátase dun programa máis específico. O seu contido decídeo a Comisión de Docencia a partir da análise das necesidades formativas individuais ou dun grupo de residentes dunha ou varias especialidades, dando prioridade ás que sexan máis importantes dende o punto de vista docente, para as que promoverán as accións formativas necesarias.